

## MODIFICACIÓN DA INSTRUCIÓN DA XERENCIA DE 5 DE OUTUBRO DE 2018 SOBRE O RÉXIME RETRIBUTIVO NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL AO SERVIZO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Con data 5 de outubro de 2018, a Xerencia da Universidade de Vigo ditou unha instrución relativa ao réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Universidade de Vigo, que ao abeiro do disposto na disposición adicional quincuaxésima cuarta da Lei 6/2018, de 3 de xullo de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018 (BOE nº 161 do 4 de xullo), establecía que a universidade completara as percepcións dos traballadores durante a situación de incapacidade temporal ata o 100% das súas retribucións mensuais durante os 18 meses da incapacidade temporal.

O mecanismo de cálculo do subsidio establecido para o persoal funcionario incluído no Réxime de Mutualismo Administrativo (MUFACE) en situación de incapacidade temporal, fai que algúns destes traballadores non perciban o 100% das súas retribucións durante dito período, o que supón unha discriminación para este persoal.

Para evitar esta situación, concluído o proceso negociador coas seccións sindicais,

### **ESTA XERENCIA RESOLVEU:**

**PRIMEIRO:** Modificar a base segunda relativa ao persoal encadrado nos réximes especiais de seguridade social do mutualismo administrativo que queda redactada como segue:

Establécese para todo o persoal funcionario incluído no Réxime de Mutualismo Administrativo (MUFACE) ao servizo da Universidade de Vigo, en situación de incapacidade temporal ao que se lle expedise a correspondente licenza, que as retribucións a percibir durante o período que non comprenda a aplicación do subsidio por incapacidade temporal previsto no dito Réxime, sexan do cen por cen das retribucións, básicas e complementarias, correspondentes ás retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.

Para o período de tempo no que xa se aplique o subsidio por incapacidade temporal contemplado no Réxime de Mutualismo Administrativo, a Universidade de Vigo complementará o subsidio que corresponda a MUFACE, ata alcanzar o cen por cen das retribucións do mes de inicio da incapacidade temporal e durante todo o período de duración da mesma (365 días), incluída a súa prórroga (180 días),

O persoal deberá solicitar ante a Xerencia o abono do complemento da I.T., acompañada da resolución de MUFACE na que se lle recoñece o importe do subsidio, aos efectos do cálculo polo Servizo de Retribucións e Seguros Sociais do referido complemento.

## **SEGUNDA:** EFECTIVIDADE DESTA MODIFICACIÓN

Considerando o carácter non sancionador e favorable aos dereitos do persoal afectado por estas medidas, e co fin de evitar discriminacións, implántanse os efectos desta instrución, para todas as situacións de incapacidade temporal acaecidas desde o 1 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente na data da sinatura.

A XERENTA

VICERREITORÍA DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO  
SECRETARÍA XERAL  
SERVIZO DE RETRIBUCIÓN E SEGUROS SOCIAIS  
SERVIZO DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR  
SERVIZO DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS  
PRESIDENTES/AS DOS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN DO PAS  
PRESIDENTES/AS DOS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN DO PDI